

Perfil docente

FADEMGA Plena inclusión Galicia conta con Formadores para o Emprego con experiencia no ámbito da discapacidade intelectual, con formación e experiencia en técnicas didáctico – formativas, con coñecementos do ámbito laboral e dos mecanismos de busca de emprego.

Metodoloxía

A formación prelaboral estrutúrase como unha acción de carácter transversal destinada a proporcionar coñecementos e habilidades xerais vinculadas coa busca e mantemento do traballo independentemente das diferentes ocupacións.

Deste xeito, a través de diversas accións de formación preténdese achegar coñecementos e recursos que melloren a empregabilidade deste colectivo, sempre dun xeito adaptado ás características e necesidades do mesmo.



Solicitude

As entidades interesadas en realizar algún tipo de acción formativas deberán remitir á Área de Emprego e Formación a Ficha de Solicitude de Acción Formativa.

A solicitude terá que ser realizada 7 días antes das datas desexadas para a impartición.

As novas tecnoloxías: ferramenta imprescindible no acceso ao mercado laboral actual das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento



Área de Emprego e Formación
FADEMGA Plena inclusión Galicia

Tel: 981 566 676

E-mail: emprego.santiago@fademga.org

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia



PLAN DE FORMACIÓN PRELABORAL

para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento



FADEMGA

Plena
inclusión
Galicia



OBXECTIVO

Dotar ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, da información e das ferramentas necesarias para unha busca activa de emprego co propósito de facilitar o seu acceso ao mercado laboral.



ACCIÓNS A DESENVOLVER

- **Cursos de formación prelaboral.**
Accións formativas teórico—prácticas, de carácter grupal cunha duración máxima de 25 horas.
- **Talleres específicos.**
Talleres eminentemente prácticos, de 5 horas de duración máxima, para abordar contidos específicos relacionados coa busca de emprego.

CONTIDOS

CURSO DE FORMACIÓN PRELABORAL

MÓDULOS BÁSICOS

- Habilidades sociolaborais
- Técnicas de busca de emprego
- Dereitos e deberes dos traballadores e traballadoras
- Prevención de riscos laborais

MÓDULOS COMPLEMENTARIOS

- Educación vial
- Educación en igualdade

CURSO INFORMÁTICA BÁSICA PARA A BUSCA DE EMPREGO

MÓDULOS BÁSICOS

- Que podo facer no ordenador
- Internet
- O correo electrónico
- Buscar traballo a través de internet

MÓDULOS COMPLEMENTARIOS

- Como seguir o proceso dunha oposición
- O uso do móbil a través de internet

TALLERES ESPECÍFICOS

- Elaboración do curriculum vitae
 - Entrevista de traballo
- Brigadas de busca de emprego
 - Resolución de conflitos
 - Manexo do euro
- Autoconecemento e toma de decisións
 - Habilidades comunicativas
- Motivación para a busca de emprego

Tanto os cursos como os talleres, adaptaranse ás necesidades concretas de cada grupo, así como ás características específicas das persoas usuarias.

ALUMNADO

Perfil:

Persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, que se atopen ou queiran iniciar un proceso de busca activa de emprego.

Número de alumnos:

O número mínimo de alumn@s para os cursos é de 6 persoas, establecéndose un máximo de 10.

Para os talleres específicos establécese un mínimo de 5 persoas e un máximo de 8.

A organización dos grupos atenderá ás restricións en materia da COVID-19 establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento.

DURACIÓN

As accións formativas (cursos e talleres) non teñen unha duración definida co obxecto de adaptalo as necesidades específicas do grupo.

Así e todo establécese unha duración mínima de 3 horas para os talleres específicos e de 15 horas para os cursos; a duración máxima será de 5 horas e 25 horas respectivamente.

As sesións terán unha duración máxima de 5 horas

REQUISITOS

- Ter unha discapacidade intelectual certificada
- Ser maior de 16 anos.
- Estar inscrito no Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego de FADEMGGA Plena inclusión Galicia.*

** a inscrición neste servizo pode ser posterior á solicitude da acción formativa, e os técnicos de orientación desprazaranse ata entidade.*

